

A FIN DA PRIMAVERA 1256

Yasujiro Ozu, 1949

ESTREA EN NUMAX: 14.03.2024 | V.O.S.E. | 118 min

Noriko cumpriu 27 anos e segue solteira. Seu pai, o viúvo profesor Somiya, tenta buscar un bo enlace para a moza. Tras ver frustrado un posible matrimonio con Hattori, un mozo asistente, a súa tía fai crer a Noriko que seu pai ten intención de contraer segundas nupcias.

«Un dos dous ou tres mellores filmes de Ozu»

Roger Ebert



Ozu e Noda

Por Yasujiro Ozu

Logo d'A *moza inocente* (1935) volví encontrar-me con Kogo Noda, despois de moito tempo, para facer este filme. Cando guionista e director traballan xuntos, se non se parecen tamén no plano "constitucional" as cousas non marchan. Se un se ergue tarde e o outro vai para cama cedo non se encontran. O traballo conxunto resulta esgotador para ambos. Desde ese punto de vista, xa se trate de beber ou do horario de deitarse e erguerse, con Noda ou con Ryosuke Saito estou en perfecta sintonía. É algo fundamental para min.

Cando falo dun guión que escribimos entre Noda e máis eu tento naturalmente dicir que pensamos entre os dous até o máis mínimo detalle. E aínda que poñamos en común as escenas (en canto a obxectos ou vestiario), as imaxes que cada un de nós ten na cabeza acomódanse perfectamente. Nunca tivemos o máis mínimo desacordo. Entendémonos até a hora de elixir sufixos como -wa ou -yo ao remate dunha frase [NdT: son sufixos que permiten suavizar ou restar dureza a unha expresión ou dar un ton de cortesía ou familiaridade e mesmo indicar o xénero da persoa que fala].

Non sei explicalo, é algo increíble. Unha vez comentei isto ao meu amigo, o escritor Satomi, e el, ao ouvirme, convenceuse de por que os irmáns Goncourt escribían así as súas novelas. Naturalmente así agroman moitas ideas distintas. Os dous somos teimudos e dificilmente facemos concesións.

Publicado en "La poética de lo cotidiano. Escritos sobre cine" (Yasujizo Ozu, Gallo Nero: 2017)

Unha nova estética

Por Donald Richie

Considerado un dos máis perfectos, máis completos e existosos estudos de personaxes nunca producido no cinema xaponés, A fin da primavera é tamén un dos favoritos do propio Ozu, xunto a *Había un pai* (1942) e *Contos de Toquio* (1953). As diversas compoñentes do estilo de Ozu -o drama doméstico en tons de Ofuna-cho, o interese polos personaxes, o concepto haha-mono de ter un proxenitor como figura central- son aquí combinados nun filme perfectamente equilibrado, cuxo todo trascende a suma de calquera das súas partes.

Unha das razóns por tras desta perfección era a profundidade do sentimento de Ozu e a seguridade do seu estilo. Outro foi o retomar a súa colaboración con Kogo Noda, con quen non traballaba desde 1935. Outro máis será a nova estética que pasou a dominar todos os filmes de Ozu a partir de aquí, aínda que xa se puidesen enxergar por veces algúns indicadores desta estética en filmes anteriores. Consistía nunha nova sinxeleza no argumento, estrutura e cadencia, acompañada por un control firme sobre decorados, tremoia, iluminación e actores. Os resultados certamente non foran radicalmente diferentes dos seus filmes de inicio, pero nesta última etapa serán máis lacónicos e incisivos. Foi primeiro premio da revista Kinema Junpo en 1949.

Publicado en "Ozu" (Donald Richie, The Stone and the Plot: 2020)